

## Subvencións e Axudas

### **Subvencións EXTINGUIDAS POR CAUSAS ALLEAS (Tentaremos dar outro tipo de axudas):**

Por participación (**Subvención extinguida** por decisión da Asemblea da Federación Galega de Montañismo)

Os importes de subvención do ano próximo estarán en función a un reparto por participación en actividades do presente ano.

Asígnase un importe para reparto durante o ano presente de aproximadamente 1.500? mediante concurrencia competitiva entre tódolos socios. O sistema de puntuación será o mesmo que o establecido pola FGM.

No reparto entran tódolos socios que teñan 3 puntos ou máis do baremo da FGM.

Se no reparto proporcional a cantidade asignada a un socio non alcanza os 5?, estes importes se sumarían ó socio con maior puntuación.

Por idade (**Subvención extinguida** por decisión da Asemblea da Federación Galega de Montañismo)

Para os maiores de 65 anos, poderá existir unha subvención por idade. Estará en función das axudas que dea a Federación Galega para este colectivo. Os maiores de 65 anos poderán compatibilizar a subvención por idade e por participación. (Subvención extinguida dende a Federación)

Sistema de puntuación do baremo da FGM (Baremo extinguido a causa das presións na Asemblea da FGM por deportistas e clubs alleos a Xistra):

As actividades do calendario FGM (marchas, cursos, etc.) xeran 1 punto por participación.

- As actividades de carácter estatal do calendario da FEDME, recoñecidas pola FGM, xeran 2 puntos por participación.
- As actividades do calendario FGM de carácter internacional, xeran 3 puntos por participación.
- As marchas de 50 quilómetros, xeran 1 punto por marcha, sempre e cando o participante consiga o diploma acreditativo de finalización da marcha.